

# A NOSTRA TERRA



Año XXXIX — Núm. 498

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 376.978

FRANQUEO PAGADO  
Concesión 2032  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión 2727

Bós Aires, Outubro de 1955

## O Colonialismo Está en Na Loita Pol-a Liberdade

A Gran Guerra do 14, trouxo ó mundo, un feixe de nacións ceibes que foran asoballadas perante séculos pol-os imperios centrais e a Rusia dos Zares: Xugoslavia, Hungría, Checoslovaquia, Finlandia, Polonia, Estonia e Letónia.

A tiranía inglesa sobor do mártir Irlanda amoleceu de xeito atai, que sen haberen os patriotas irlandeses conquirido a total independencia nacional sí, fixeron unha boa andadura nese fito. E non pasou moito tempo que os tenaces irlandeses habían de tronzar definitivamente con Londres, o velleto secular que o xunguía ó imperio británico.

Hoxe, a verde Eirín, é a primeira e única nación de caste celta que encetou a súa vida nacional pol-os vieiros da liberdade e independencia.

A China comunista, cun patriótico senso da súa realidade nacional, liquidou dunha vegada pra sempre a humillante e explotadora zona das concesións imperialistas extranxeiras de Shanghai e afirmouse diante dos povos ceibes do mundo como unha grande potencia.

O místico Gandhi, libera a India, a fabulosa colonia inglesa que se converteu en Estado ceibe e soberán, sendo hoxe, un dos máis rexos puntáis da paz do mundo.

A segunda guerra mundial, co antecedente da primeira do dereito dos povos a dispór de simesmos trouxo o espertar nacional do imeso mundo colonial asiático primeiro, i en Africa, após. As Indias holandesas encetaron unha violenta loita de liberación nacional contra a metrópoli, que callou nunha Federación de Estados ceibes Indonesios. E seguindo o exemplo, a rica Indochina francesa conquiriu a súa liberdade nacional ó traveso dunha sanguinanta e prolongada loita de liberación.

Agora está sobor do tapete a custión africán. E a hora do aarde de Africa que está a reclamar os seus dereitos nacionais, e arxelinos e marroquís encetaron unha atal violenta acción contra os seus asoballadores franceses, que elo, día a día, está a cobrar un tráxico carácter de guerra sen coartel. E que a Franza imperialista non se resaña a deixar fuxir das suas gadoupas ademais de tan ricas colonias, a súa posición estrutural no Mediterráneo. Emporiso que o sagrefizo dos patriotas norde-africáns será imenso. Espéranlle a estes aguerridos povos duras horas de proba, mais temos fé, que o sol da liberdade brillará moi axiña nos seus eidos patrios, hoxe tinxidos de sangue mártir.

Nós, es nazionalistas galegos, demócratas e antiimperialistas por principio, sentímonos solidarios con todos os povos que se erguen barilmente aprot da súa independencia, non importa cal sexa a raza, relixión ou contido político-filosófico que apule estes movementos de liberdade nacional.

Pro non debemos esquecer, que hai outros xeitos de colonialismo que se practican solerminamente sostidos pol-a forza coercitiva dos Estados opreixores. Galiza, Cataluña i Euzkadi en Hespaña; Escocia e Gales en Inglaterra; e a Provenza e Bretaña na Franza, sofren un xeito de coloniaxe cecáis máis inhumán e feroz que nos protetorados. Porque namentras que nestes territorios cando menos respéitanlle as súas tradicións e idioma, as pequenas nacións asoballadas pol-os grandes Estados, na súa condición de países anexos o por eles chamado "territorio nacional", son sometidos a unha permanente acción de asimilación, descoñecéndolle a estes povos, ademais da súa peculiar realidade económica, as súas características e dereitos nacionais, coutándolle deste xeito, o libre desenrolo do seu xenio coleitivo.

E por elo que, os nacionalistas galegos, ó faguernos solidarios neste intre eos povos norde-africáns que tan afiuzadamente loitan pol-a súa independencia, reafirmamos a nosa fé inquietante nun futuro de liberdade e independencia da nosa Patria.

### MOLOTOV DIXO:

"Hespaña pode sere invitada por Rusia para ingresar a un pacto de seguridade coleitiva europea. Ben entendido, Hespaña tamén é un país europeo. E' asin, que pode vostede decir que o pacto de seguridade europea que propón o meu goberno, comprende, ben enverguído, a Hespaña se esta quere adirse".  
(Declaracións de Molotov, ministro de Relacións Exteriores da URSS, a un corresponsal do xornal falanxista "Arriba", en Nova York, "Clarín", 27/9/55).  
Agora, pol-o visto, no Kremlin

decatáronse que Hespaña fica en Europa. Que cousa, non? E Franco, onde está?, preguntamos nós con toda inocencia... Despois que nos veñan os "rabanitos" hespañóis a falar de unión contra Franco e Falange...  
Ben entendido, nós os galegos estamos onde estábamos o ano 36: como demócratas, acaron da República e, como patriotas loitando pol-a liberdade e independencia de Galiza.  
Tempo ó tempo. E cousas verdadeiras que non crecades...

Os galegos somos un povo consustanciado co sentimento de liberdade. Ese sentimento forma xa cerne do noso espírito e modela as máis enxebres e calificadas características que definen as nosas xentes no seu modo de ser e de pensar. Gracias a ese sentimento de liberdade, fomos sempre e seguiremos sendo un povo berto a todas as iniquidades, tolerantes i enérgicos de toda caste de seitarismos, que coa súa forza negativa izeron tan desafortunadamente en grandes seitores da humanidade. Gracias a ese sentimento de liberdade, íntimo i esencial, os galegos podemos resistir calada pero rexamente o intento de deformación e asoballamento que desde cinco séculos ven intentando o poder asurbente de Castela.

Namentras outros povos, vítimas de desenganos ou frustracións, caen vencidos ou amarguran a súa vida coo resentimentos e odios, os galegos non claudican nunca d'ese sentimento de liberdade interior que bule en todos e, con unha forza instintiva, na xurde das máis íntimas conviccións, saben romper co ambiente de opreixión ou agustia que os arrodea, achando a maneira de recrear a súa vida en ambientes de liberdade. Esa grande epopela galega que é a emigración, constitúe sin dúbida unha mostra evidente do noso sentimento coleitivo de liberdade, xa que consideremos a emigración como resultado a nosa ansia de liberación da angustia creada por unha economía esnaquizada pol-gobernos estranos a Galiza, ou tan soia a búsqueda dunha liberación da iniquidade que tece a súa vida no noso espírito celta por mor da Atlántica afundida, como queren algúns poetas. Non é, de ningún xeito, unha fuxida da amarga realidade senon unha superación, pol-a aventura e zozobra da emigración, para que a nosa acción diaria poda desenvolverse nas condicións esenciais que fan froitífero e diño o traballo dos homes libres.

Por todo elo, os galegos estamos tan identificados cos povos de América; povos nados a liberdade co alboraxar dos ideais redentores da néo sentímonos irmáns d-este povo argentino pol-as maníficas condicións do traballo diario dun novo. E tamén morales amostradas n-estas diadas n-.

Revolución Francesa, que inda nos intras de meirande desorientación sentiron sempre o pulo creador dos principios de liberdade que nos leron o ser.

I entre todos estes povos, ocupa sin dúbida para nós un primeirísimo lugar a República Argentina. Fogar de máis de catrocentos mil galegos que saben da aventura da emigración e do sentimento íntimo de liberdade que nos empurrou até estes lares. Sentimento que se amostra irofitífero i exemprar no aporte xeneroso da nosa raza a xosta da súa emancipación, e que hoxe como onte nos atopará identificados cos seus destinos, sias ledicias e sias angueiras. Hoxe, que o povo argentino revive o entusiasmo e a fe do espírito do Maio que impregnou todos os seus fastos memorables, os galegos sentímonos como nunca identificados con eles. Sumamos a nosa ledicia a súa felicidade de verse de novo enroitado pol-o camiño das súas grandes tradicións.

A liberdade non se gaña no resto dun día, senón que é o froito garimoso tóricas que está a vivir. Na intras

particularmente perigoso da súa vida, nun intre que pudo abrir unha noite negra e cruel da súa historia, vimos sobreporse por enriba de todo as máis puras forzas morales d'este povo xeneroso que, facendo honor aos principios que inspiraron o seu nacemento, apréstase a traballar rexa e ledamente nun sentimento de irmandade que non recoñece vencidos nin vencedores. ¡Nosa meirande admiración a este povo que sabe valorar tan outo os máis preciaos valores humanos! Galiza, con cuasi cinco séculos de opreixión, sufrindo hoxe cos demais povos ibéricos o máis brutal réxime que coñece a súa historia, un réxime que, na súa máis absoluta negación dos máis elementais principios humanos non foi tan segura capaz de cerrar en vinte anos o proceso negro e inhumán desatado pol-o seitarismo sintese hoxe en irmandade le esprouza con este povo argentino, no intre do re-encontro do seu destino e rina a fervoada admiración ao seu xenio diño e honroso.

Dende o máis fondo do noso corazón, repetimos coas estrofas da súa canción patria: Ao gran povo arxentino

## Un Feito Vergoñento

Os galegos formamos un povo que sempre amostrou como signo determinante da súa espíritoalidade, o máis firme anexo de liberdade e progreso.

A fidalguía, a cordialidade fraternal e sobor de todo a tolerancia; son as virtudes que máis caracterizan as xentes do noso país. Emporiso non é de se estranar, que inda que a nosa coleitividade na Argentina fiquen agrupada en múltiples sociedades, existista entrelas un indiscutible espírito de convivencia que, fainas xunguir con facilidade, encol de ideais comúns o noso sentimento de galegos. O "Aniversario do Plebiscito" o "Día de Galiza", o "Cabodano de Castela", etc., son boa proba dele. Pero ista regoa ten tamén as suas esecucións tal acontece cando algunha entidade galega, permite se acoche no seu seo o espírito de cerril irrelaxancia reacionaria que caracteriza os elementos espanoleiros, sexan do sei-

tor que sexan. Na Federación de Sociedades Galegas témola máis categórica demostración deste aserto. Niss prestixiosa entidade galega, lograron "colarse" fai algúns anos, os señores propagandistas rabanitos; e dende entón non sómentes se puxeron a dependencias da casa i-os seus recursos económicos ó servizo da ración totalitaria, senón que se empregarun as páxinas do periódico "Galiza" — un periódico galego pagado por galegos — pra emponzoñar a opinión colectiva, cos luxados e característicos tópicos dos inimigos da nosa Patria, onde dende insolentes louvanzas á "Aguías Bicéfalas" do imperialismo castelán até as máis infames calornas a prestixiosas figuras da coleitividade todo nele atopaba cabida.

Agora éstos reacionarios rabanitos foron desplazados do goberno federal pola opinión súa da Federación, pero inda seguen exercendo a súa pernicioso influencia no campo federal tal o proba o incalificable espectáculo que ofreceron o día do Xantar Aniversario da Federación, promovendo un descomunal desorden, que maiorou a brillantez do aito e pondo a entidade en mala postura perante os seus invitados; cecáis inorantes de que os galegos non estamos afitos a faguer tan baixo papel, que soio se pode atribuir os inimigos de Galiza "colados" nas nosas entidades.

### Considera Wasington o aumento das suas bases en Hespaña

MADRI, 20 (AP). — Estados Unidos está a matinar na custión de se as catro bases que construen en Hespaña seran de abondo pra os seus plans extratécnicos na Europa dixo en conferencia de prensa o segredario da Forza Aérea de Estados Unidos, Donald A. Quarles.

O segredario indicou craramente ós xornalistas, que calisquera decisión encol do aumento de bases en Hespaña, sería tomada en Wasington ó seu retorno.

O señor Quarles visitou esta tarde o xeral Franco no pazo de El Pardo. Estiveron a conversar durante 45 minutos pro se non revelou os temas tratados".  
(De "Clarín" 21/9/55).

A nota fala por si soia. E colímonos que non há mester coñecermos pra demostrar que quenas manda na "España Una Grande y Libre", son os imperialistas de Wasington.

## Lola Membrives foi Asubiada

A adhesión a Franco e ó goberno argentino de posto, decote manifestada por esta actriz de pecha mentalidade reacionaria, fixo que o público, que concurreu o xoves 6, p. pto. ó teatro Cómico desta Capital, eisteriorizase de xeito manifesto a súa desconfianza coa tendencia antidemocrática da referida artista.

Co gallo do estreno d'unha comedia de Jacinto Benavente — que non pasou alá das primeiras escenas — ó aparecer no taboado Lola Membrives foi resebida cunha

abouxiante asubiada e berros de repudio pol-o numeroso público que enchía a súa, ó mesmo tempo que algúns espetadores ceibaban ó escaerío os máis variados produitos de horta.

Foi asín, como diante do ridículo máis mortificante pra unha actriz acostumada ó prodigo aprauso do público, resebeu a humillante i exemprar lección de cidadanía que, de asimilala Doña Lola — cousa que nós pomos moi en dúbida — por forza farílle matinar mol seriamente no efimero das ditaduras.

## Curso de Literatura Gala'co-Portuguesa

A Universidade Nacional da Plata, atendendo unha suxerencia do Instituto Argentino de Cultura Galega, ven de inaugurar un curso de Literatura galaico-portuguesa e desñou como profesor do mesmo o Dr. Alberto Vilanova, quen encetou a súa labouira o día 12 de agosto ca presenza das autoridades académicas. A Dra. Amarilla, profesora da Facultade de Humanidades inaugurou o curso cunha moi concetuosos disertación en col do sifificado dise curso intensivo de esencialización. As leccións do profesor Vilanova veñen sendo escoitadas por un fato moi escolleto de profesores i-estudantes, o que amosa o intrés que espertou o curso e o acerto da súa creación.

Supomos que se enterará o goberno que desgoberna Hespaña,


preocupado de deixar ben afincada a súa cerrelidade escurantista perseguindo os idiomas peninsulares non oficiais, namentras que no mundo se estudan o investigan como signos espíritoales dos povos e como esponentes máisimos da súa cultura.

Con verdadeira cordialidade destacamos o feito, que moito fala a prol das autoridades universitarias da Plata cando se acordou crear o curso.

Eis un caso diño de que nil parase mentes o Manífico e Ilustrísimo Sr. Rector da Universidade de Compostela, se o peso de tan tremendos tratamentos lle delvase azos pra terminar das cousas propias do ensino e da formación científica dos futuros leñecidos galegos... E dado caso de que il fosse galego, libre e responsable.



RA 29/8



COMO É TRADIZOAL, todol-os 25 de Xullo, Día de Galiza, na eirexa de Santo Domingo de Compostela onde están os sartegos de Brañas e Rosalía, dáse unha misa en lembranza do noso grande poeta. O crego que oficia o servizo relixioso, ó final-o mesmo, pronunza un sermón no cal, ademais de pór de nota a festividade patriótica, fai unha garimosa lembranza de todol-os galegos que andan espaxados pol-o mundo: que nese día mediten encol dos sagros deberes coa Terra.

Como xa ven sendo tradizoal, tamén pra ese día, o Centro Galego de Bós Aires delega nun dos seus membros de Dereita, a honrosa misión de representar a institución nese patriótico i emotivo aito, pondo ó pé do sartego de Rosalía unha ofrenda floral.

Este ano, tocoulle ó señorito Ricardito, representarnos ós galegos —atal ele pensa— e, como non podía sere doutro xeito, dáda a mentalidade mozarabe deste dereitivo, após do patriótico sermón pronunciado en galego pol-o culto sacerdote que oficiou a misa, o numeroso público que enchía o templo, tivo que escoitar o acento castrapo deste señorito na súa pavera teima le saltar ó "Santiago Matamouros, Patrón de España" a caranchapernas dun brioso cabalo branco a chuzar nos créntes de Mahoma...

É inútil. Pol-o que se oía, "el vinillo de Jerez y el vinillo de Rioja" tomado fai anos na Embaixada de Falanxe pol-o señorito Ricardito no seu carácter de vicepresidente do Centro Galego, en exercizo da presidencia por ausencia do tidoar, inda lle anda a fumar nos miolos...

CO GALLO DAS FESTAS de Agosto en Vigo, que coinciden coa festividade do Santísimo Cristo da Victoria de cuxa cidade é patrón, os xornáis saen engalanados con fotos e crónicas en loubanza desta moderna e aitiva cidade galega, charmánonos a atención, unha manífica toma aérea do centro da cidade que leva por tidoar: VIGO, UN PUEBLO CON FE. E ó pé, a seguinte lenda:

"Desde lo alto, se contempla esta perspectiva de Vigo. Y se comprueba la hermosa realidad del crecimiento constante y del progreso de la urbe. Es otro milagro en el que hemos de ver, a través de nuestra fé, la predilección del Excelso Protector de la ciudad, el Santísimo Cristo de la Victoria". (1?)... ¡Estámoche aviados! Agora resulta, que o progreso da cidade da Oliva, non é consecuencia da laboriosidade dos vigueses, non señor, que é un milagre do ceu, ou dito en bon romance, que os vigueses acomodáronse na corte celestial...

O PAVERO DE "Bradis" de "Nuevo Correo" anda a ofrecer as páxinas do seu pasquín, as entidades hespañolas, o que nos parés moi ben. Agora que, o que xa non nos parés tan ben, é cando engade moi enfático o coitado: "excepción, claro está de las entidades separatistas"...

De onde sacará este mamalón, que os arredistas somos hespañóis?...

E DE NOVO ESTAMOS co señorito Ricardito... Pois sucede, meus amigos, que pol-os xornáis vigueses enterámonos do homaxe que o Centro de Iniciativas y Turismo lle rendeu ó pimpante vicepresidente da Casa de Galicia señor Faustino Rodríguez Balcazo.

Que dito homaxe, consistente nunha comedela a cal concurreu o máis granado do aguerrido equipo falanxista vigués, foi unha "groriosa xornada de afirmación e fé no Caudillismo que governa a Hespaña"...

Que a esta "patriótica" comedela concurreu, —e por que non? Xa que estaba de paso...— o señorito Ricardito, todo ele lamar de elegante e aqueladiño. E, ¡admiráivos e admirádeo! Sentado moi rufo, a beira do Conde de Pugalal... (?) Se mesmamente parés cousa de novela! Ele, Ricardito, escuro bolicheiro de Avellaneda, sentado codo con codo, e nada menos que nunha comedela, cun auténtico vizconde...

Falouse a máis e millor, das grorias de Hespaña, do Caudillismo e da súa proxección en terras de América... (?) E nese erima de hespañolísimo falanxismo, após do homaxeado, falou o señorito Ricardito, no seu carácter de presidente do "Círculo Vigués" de Bós Aires. E abofé que estivo moi ben, tanto, que ó findar o seu "patriótico" espiche, díxolle moi chulo o vizconde, palmeándolle o lombo: "Oye chico, que has estao mu bien, ¡vamos! que mu requetebien. Lástima que no te viera el Caudillo, porque te eleva"...

LOURENZO FRAGOSO.

**Nuñez Hnos.**  
FABRICA DE BOTONS — MERCERIA  
ALSINA 1214 T. E. 38-1592

# Victor Luis Molinari Dictou unha Ademirabel Leición de Galeguidade

O día 8 do mes en curso no Centro Pontevedrés, ante un público numeroso e seleito, o notábel escritor e poeta argentino Victor Luis Molinari, pronunciou unha conferencia encol de temas capidas de Galiza e da nosa colectividade. Esta vegada non é circunstancial o adxetivo. A disertación de Molinari, foi unha admirabel leición de galeguidade. A súa verba vibrante, carregada d-outa emotividade e intención patriótica, plea d-esperanza no destino de Galiza, tivo profundo eco no público presente, deixándonos un relembro imborrabel.

Pro, denantes, detefiamonos un intre no distinto disertante. Victor Luis Molinari é un gran espírito de conduta exemplar. Endexamáis aspirou a sere un vaor improvisado dentro da nosa colectividade. O seu intrés e preocupación galegos, son de longa data. Vinte anos ven observando silenzosamente, con detida atención, o desenro i-atividade, sin parangóns da nosa colectividade. E hoxe coñece como poucos o problema político de Galiza. E como poucos tamén, vive identificado coa loita da nosa reivindicación nacional. En 1951 realizou o viaxe arelado a Liguria dos seus antergos. Visitou outras nacións europeas. E impulsado por un intenso desexo, deixou terras de Franza para encamiñarse, como antigo pelegrino, ás de Galiza. O 25 de xullo do ano devandito puxo pé en Sant-Iago. A cidade xacobea axiña mancou o seu espírito sagace. Logo percorreu só, ceibe de guías turísticas, todol-os camiños de Galiza. Amistou con labregos e mariñeiros. E Galiza rindeuse ao seu corazón d-amante i-ao seu espírito emotivo. O poeta foi ferido e-unha chaga na súa entrana. Asin ficou selado un destino. Como fillo adeitivo de Arcos, retornou ao seu Buenos Aires.

Produto deste primeiro contacto de intimidade coa nosa Terra —que agarda renovar axiña—, foron dous libros poéticos de outa intensidade galega e tamén o seu xa famoso itinerario. Aqueles dous libros tidoarais "Perfil en la sombra" e "Poemas para mi retorno", outivera o premio Valle-Inclán de 1953 e 1955 dos concursos literarios-musicales do Centro Galego.

Molinari é un home sinxelo, dunha bondade infinda. Tratalo unha vegada é querelo para sempre. Dentro da colectividade galega, é oxe unha figura familiar, entranabel e respetada. Traballador infatigabel, róballe horas as súas actividades para adicalas enteiraamente a tarefas d-esaltación das virtudes i-os vaores de Galiza. Sería suficiente dicir que é, con Seoane, a i-alma de "Galicia Emigrante", oial i-escrita. Si, Molinari está entregado totalmente a causa da liberdade de Galiza, sin reservas, sin intrés algún. A ele abóndalle co seu talento creativo, o seu señorío espiritual i-un gran amor ao noso país, aballado i-escarrecido. Por eso todol-os galegos temos contraída unha deuda de gratitudade.

Molinari é un home sinxelo, dunha bondade infinda. Tratalo unha vegada é querelo para sempre. Dentro da colectividade galega, é oxe unha figura familiar, entranabel e respetada. Traballador infatigabel, róballe horas as súas actividades para adicalas enteiraamente a tarefas d-esaltación das virtudes i-os vaores de Galiza. Sería suficiente dicir que é, con Seoane, a i-alma de "Galicia Emigrante", oial i-escrita. Si, Molinari está entregado totalmente a causa da liberdade de Galiza, sin reservas, sin intrés algún. A ele abóndalle co seu talento creativo, o seu señorío espiritual i-un gran amor ao noso país, aballado i-escarrecido. Por eso todol-os galegos temos contraída unha deuda de gratitudade.

de con este home extraordinario. Tomando o fio da súa conferencia, diremos que ela tivo dous aspectos fundamentais. Un adicado a sinalar tarefas de realización impostergabel, ás caes a colectividade terá de prestarle debida atención. Destaquemos entre elas a d-un gran xornal galego. O outro, foi unha afirmación vibrante e rotunda do noso ser galego. Como un órgao da nosa prensa vai a dar o texto completo da notábel disertación, nós imos a limitarnos a reproducir algúns párrafos de tón político e patriótico.

Dixo o fino escritor argentino: "Ser galego imprica un compromiso co mundo. Sin que este negre que outras nacionalidades teñan o mesmo compromiso co mundo. Pro é que non abonda ter nado en Galiza para sere galego. O fundamental é sentirse galego. Enfáticamente. Ledamente. Consentidamente. Cabalmente. Valentamente galego. E ningunha época máis propicia que esta para ese trado de rebeldía. O demáis engadiráse só. O demáis, ven de prestado. O demáis e dimpós unha fábula internacional que camiña sin pasaporte".

A fidelidade a d-r de Galiza... "Ató o menos informado sabe que oxe non pode facerse patriotismo barato coa realidade galega dos nosos días. Co drama galego. Que non é necesario que chegue a traxedia, porque non estamos nin no teatro nin na nevosa. Co drama galego simplemente. Coa

simplicidade de todol-os días. Coa simplicidade de todol-as horas. Coa simplicidade de todol-os minutos. Coa simplicidade de todol-os segundos. Coa coa complicidade de todol-os séculos".

O vaor da enseñanza da historia... "Contra eso hai que loitar. Con orgullo tendencioso, porque a letra con sangue entra. Con moi boa memoria. Porque historicamente dende logo esquecer é unha necesidade. Pro nunca hai que esquecer de máis. Eso non teben esquecerlo os galegos porque será fundamental para o seu futuro". E toda a forza i-a excebreza do noso espírito, ben pode ficar apreixada nesta expresión: "A internacionalidade da infamia domiña todol-os idiomas. Mais non o idioma galego".

E findou xanguindo ás dúas Galizas cara o mesmo fito... "Galiza é sempre continuidade. Continuidade d-emoción. Continuidade d-esperanza. Continuidade de loita. Continuidade de fe. I-esa continuidade no tinerario, será o novo camiño de Sant-Iago. Córdon umbilical entre Galiza e América. ¡América e Galiza! O que foi unha queixa pol-o fado incerto que alonzaba aos milloros, pode que sexa unha compensación certa, manñá. Porque América foi un trampón para Galiza. E como Galiza non foi unha trampa para América, ese trampón pode que asegure, no futuro o gran salto galego.

O gran salto galego, con pasaxe de ida e de volta".

Todo neno nace dentro dun ambiente cultural. A lingua é a vez taitor integrante i-eispresión d-ese ambiente, por iso a adquisición da súa lingua materna é unha parte do proceso que lle permite ao neno asimilar o ambiente cultural; así pódese dicir que esa lingua desempeña un papel importante na formación dos primeiros conceptos do neno. Ten de serlle difícil por eso, entender calquer concepto novo que sexa tan eistrano ao seu ambiente cultural que non poda ser eispresado fácilmente na súa lingua materna.

UNESCO — Emprego das línguas vernáculas no ensino — Páxina 50

## "Galicia Emigrante"

Saen do prelo, o número 13 — primeira entrega mensual do seu segundo ano de vida — desta manífica publicación que, ó igual que a audición radial homónima, leva realizado neste país unha trascendental laboura de gran xerarquía cultural e artística a prol dos nosos valores máis representativos da emigración e de Galiza.

Con artística portada de Seoane, neste número colaboran: García Sabel, Ramón Piñeiro, E. R. Rodríguez, Eduardo Blanco Amor, Amparo Arbajal e A. Denia. Ademais das seleccións fixas, dibuxos de Seoane, Novea e Cebreiro.

### Comentando un libro da Unesco

## O Ensino na Lingua Materna

Unha das críticas que máis a miúdo se fan ós galeguistas recae sobor da nosa insistencia en usar o idioma galego en todas as actividades do noso povo. Algúns dos nosos críticos coidan que esa preocupación nosa e simplemente "folklorismo"; outros son máis severos e chámámonos retrógrados, e non faltan os que din que pensamos así porque somos uns reaccionarios. Pero nós seguimos a cotío insistindo na necesidade de usar o galego como idioma nacional, porque un idioma é a eispresión da cultura dun povo e co seu rexurdimento ten de producirse parellamente un renascer da súa cultura.

Ducias de razóns apoian a nosa posición encol do idioma, pero os escéuticos e descreídos sempre aducían un ou outro pretexto para presentalas como opinións interesadas. Agora é a UNESCO, organización internacional allea as apreciacións particulares de calquera dos países con problemas semellantes ó de Galiza, a que se manifesta abertamente sobor da necesidade de empregar o idioma materno no ensino dun xeito incontrovertible, porque ven abalado pol-os resulta-

dos outidos con un eisperimento de tres anos, dende 1948 a 1951, feito na cidade de Iloilo, nas Illas Filipinas.

Veleiquei unha síntese da laboura realizada:

Escolléronse sete escolas primarias para o ensino no idioma materno e outras sete como grupo de control, co ensino en inglés. En cada un d-estes grupos unha escola achábase na cidade, tres no agro e outras tres no agro e outras tres na zona pesqueira, para que estiveran representados os nenos das distintas zonas. Ademais tívose cuidado que en cada grupo estiveran representadas a clase rica, a media e a probe e procurouse que todos os nenos tiveran semellantes condicións de intelixencia. Escolléronse tamén doce mestros para ensinar ao grupo eisperimental e dazasete (cinco máis) para o grupo de control; poñendo especial cuidado que todos eles foran mestros de formación e capacidade semellantes.

Eran todos nenos de primeiro grado e ao rematar o curso 1948/49 viuse que os nenos que estudaran en idioma materno superaban mol-

to — en casos unha mitade máis — en lectura, aritmética e coñecementos xerais aos nenos que estudaran en inglés.

No segundo ano confirmáronse as conclusións recollidas no primeiro ano, porque os nenos que estudaban en lingua materna seguían superando aos que empregaban o idioma inglés, sobor de todo en estudos sociais, linguaxe, lectura e aritmética. Ademais comprobouse que as dificultades orixinadas pol-o paso da lingua materna ao inglés e viceversa son as mesmas nos dous grupos de nenos.

Os resultados máis sorprendentes outivéronse no terceiro ano, no que se empregou o inglés como medio de ensino para os dous grupos. Os nenos que comezaran os estudos en lingua materna seguían superando ao outro grupo, especialmente en aritmética, linguaxe e lectura, e aos seis meses de estar estudando en inglés igualaron ao grupo de control na domin'io desa lingua. Ao rematar o terceiro ano superaban ampliamente aos nenos do grupo de control, aínda na lectura e falas (Vai a pág. 3)



# O Galeguismo Adiante

A Irmandade Galega de Bos Aires é unha entidade composta por patriotas galegos que teiman conquistar pra Galiza as liberdades e dereitos que lle son propios e percisos, pra o seu vivir digno e ceibe. É unha institución que, sin se atrebuir escravidade no patriotismo, ten reitoría en canto ao espallamento dos ideais galegustas e, polo tanto, asume unha categoría de dirixente, cumprindo con ese deber que lle imponen seus mesmos ideais e os principios que deron basamento ao seu ser, como organismo enroldador da coledividade galega da Arxentina i-exemplo pra outras coledividades galegas dos países americanos, tendo a súa labora-tamen unha grande profición en Galiza.

N-isto senso, n-ista acción patriótica, non refuxe n-á subestima e aporte das demais entidades galegas de aquí, as que, por certo, cooperan ben con ela; mantén e avencellamento co Consello de Galiza que, pol-a función específica que ten, abrangue unha certa potestade que non pode ser descoñecida por ningún galego que se precie de ser tal. Paralelamente favorece e desenvolve de outras entidades novas e prestalles o seu calor pra que n-elas vaian facendo as inqueanzas mozas a prol da nosa Terra; tal o caso das Mocidades Galegustas que, deno-a súa fun-

dación, veñen tendo unha actividade dina de quente aprauso e sendo a reserva do galeguismo pra o mañán.

O galeguismo comprende en si unha doutrina e un ideal que abarcan o político, o social, o económico, o cultural, o idiomático, o racial, o histórico, o xeográfico, etc., en todo aquilo que ten atinxeza coa nosa terra i-en relación cos demais pobos peninsulares e, mais aló, aínda con todos os pobos do mundo. Pro, tamen hai que crear unha mística galega algo así como un mito relixioso que teña por deidade á Terra i-o seu Pantheon, facendo da Terra mesma unha divindade a quen render honras; con afervoadade emoción e sentimento de firme creencia n-ela e nos seus destinos.

O galeguismo teima en ser, amprificar i-espallar os valores espirituales e morales do noso pobo, de xeito que eles, irradiando a todos os ámbitos do mundo, sexan coñecidos i-apreciados e donen a tónica do noso ser racial e nacional, así como da nosa personalidade, sendo índice da capacidade dos galegos en todos os ordes e manifestacións viventes, e viventes, do que somos, do que valemos e representamos no concerto da humanidade. Xa se ten dito e repetido: "Galiza célula universal". I-engadimos. Galeguismo: universalidade que, pra selo-a coa senso-rento, empeza na Galiza i-esténdese, como idea de liberdade, ao mundo todo.

O galeguismo é liberal e democrático, limpo de noxosas concomitancias con todo aquilo que negue, ou pospona, a liberdade i-a democracia, non somentes na Galiza, senon que tamen en calquera outro país; porque a liberdade i-a democracia son esencia da vida mesma, si é que os seres humanos han de vivir con dignidade, como tales.

En relación con España, o galeguismo é republicano i-autonomista; mais, conven decrarar, pra que ningún se chame a engaño, que, si se nos furtando a República, ou, cando ela retorne, drento d-ela se nos nega a Autonomía, o galeguismo ten de ser separatista, pois, non ficará outra alternativa. Sépase esto e non se esqueza que os procesos históricos i-evolutivos dos pobos non poden ser detidos; non hai que descoñecer estas cousas nin subestimalas. Algun, con autoridade i-acerto, dixu que esta é a hora dos pobos. I-o pobo galego, non pode estar fora de esta hora que xa está vivindo o mundo.

Os galegustas, como tales, individualmente i-o marxe da institución de que formamos parte, temos absoluta liberdade pra expresar os nosos pensamentos, en forma escrividamente persoal, en col de outros teimas, sin que, por elo, o ideal galeguista, ou a entidade que o acubilla, se vexan comprometidos pol-os feitos ou verbas individuais (sempre —crare está— que

non seian desdorosos) e sempre que quén fala, ou auctora, o faga por si mesmo, sin atrebuirse representación e coa súa soa responsabilidade. Por este principio de liberdade e democracia que sostemos na Irmandade Galega, os afiliados a ela, podemos espresarnos libremente, con independencia, sobre calquera asunto, a título —repetimos— escrividamente persoal. De non ser así, a Irmandade Galega non sería democrática nin liberal, estaría en desacordo cos principios que sustenta e cometería un atentado contra a liberdade mesma. Nin a Irmandade nin os seus afiliados estamos suxectos a cousas que rebaxen a nosa personalidade e nos convirtan en escravos de degnas alieos ós nosos puros sentimentos.

Esto, crare está, non autoriza a ningún irmandiño a facer, ou decir, cousas contrarias ao galeguismo. O cal, por outra banda, fica a cargo do bon senso de cada un; e todos temos a nosa responsabilidade persoal, pra non comprometer a súa entidade.

Tampouco o dito autoriza a ningún pra que, cando un membro da Irmandade, ao marxe d-ela, emba un xuício en col de tal ou cal teima, supoña que, con él, ou por él, fala a Irmandade Galega, xa que esta fala sempre por si, por medio das súas autoridades, ou das persoas que, en certos casos, exercen unha representación que les foi conferida pra fins determinados. Por outra banda, na Irmandade Galega non hai, nin pode haber, defecións. Non recuamos nin nos paramos.

A Irmandade Galega, o galeguismo en conxunto, mantén a súa liña de conduta rexa e firme, sostén os seus ideais con craridade e non abdica dos postulados que ven defendendo dende fai moitos anos, mantén a solidariedade con todas as entidades que non son afins e persiste na loita contra o falanxismo hespañol, a defensa da democracia, da República e da Autonomía de Galiza. Non en valuto somos discípulos do noso inesquecible guieiro: Castelao.

AVELINO DIAZ

## Afervoadade Adesión ó Aito dos Martires do Centro Galego de Caracas

Por habere chegado con retraso a afervoadade adhesión do Centro Galego de Caracas ó aito do Mártires Galegos que a Comisión Intersocietaria realizou no salón do Centro Ourensán o 17 de Agosto p.pdo., éaos deado reproducida íntegramente e, por ela, abesullamos con fonda ledicia a afervoadade emoción e patriotismo galego dos nosos irmáns de Caracas.

Caracas, 10 de Agosto de 1955. Sr. Presidente de la Comisión Intersocietaria, — Bós Aires.

Da nosa estimanza: Acaba de chegar ás nosas mans a súa afervoadade carta do día 27 de Xullo, na que lembrando con encendido patriotismo a data do 17 de Agosto, cabodano do pasamento de Alexandré Bóveda, tiveron a anabilidade de invitarnos ó aito patriótico que n-ise día terá lugar no Casal do Centro Ourensán de Bós Aires.

Moito sintimos por certo que, separados oxe por distancias tan longas, non podamos n-ise día xuntarnos en íntima irmandade pra que, o menos, nosos peitos latexasen xuntos e os sintires das nosas almas forxasen a un mesmo tempo a sinxela proba de admiración n-isa data ós Pais da Patria que loitaron por ela e por ela morreron.

Pro, como galegos que levamos nas nosas almas a orgueza de ser fillos da terra

mártire, por-a que tantos deron suas inqueanzas na angueira suprema de curar suas bógoas, non podemos endexamais, so pena de sermos fillos desleigados, deixar de admirar seu exemplo subríme e de escribir seus nomes gloriosos no libro-sagro das nosas lembranzas íntimas.

Por iso, ista Coleitividade galega de Caracas, presente en espírito con vostedes en todo aito patriótico que n-iste sentido se celebre, desexa espresarlles que, n-esa coroa de rosas e loureiros con que vostedes en tal data queren acocchar a tomba dos xenerosos forxadores das novas angueiras de Galiza, poñan no seu nome unhas follías tenras e reverdecidas, bicados con veneración pol-os labres tremantes dos irmáns d-iste Centro.

Saudamos a vostedes coa mór estimanza de irmán. — José P. nido Iglesias, Presidente; Manuel Parada Blanco, Secretario.

### CICLO DE CONFERENZAS Nos Centros Ourensán e Pontevedrés

A Comisión conxunta de Cultura dos Centros Ourensán e Pontevedrés esta a realizar un ciclo de catro conferencias, das cañás dúas, serán dítadas no Centro Pontevedrés, rúa Sarandí 847, e as outras dúas, no Centro Ourensán, rúa Beltrano 2186. As conferencias estarán a cargo dos destacados intelectuais arxentinos María de Villarino, José González Carbalho e Víctor Luis Molinari — este último, xa pronunciou no Centro Pontevedrés o sábado 8 do cte. a súa magnífica conferencia que comentamos en lugar aparte deste número — i Eduardo Blanco Amor.

O sábado 15 de Outubro as 18.30 horas, no Centro Pontevedrés, disertará encol do tema: "Mi emoción de Galicia" a profesora María de Villarino.

Oportunamente darase a data en que ditarán as súas respectivas conferencias no Centro Ourensán os señores Eduardo Blanco Amor e González Carbalho.

É un axioma afirmar que a lingua materna constitúe o medio ideal para o ensino dun neno. Dende o punto de vista psicolóxico a lingua materna é o sistema de signos que funciona dun xeito automático na súa mente para permitirlle espresarse e comprender. Sociolóxicamene, é un medio que lle permite identificarse cos membros da comunidade a que pertens. Dende o punto de vista educativo, o neno aprende máis presto empuñando esa lingua que non outra a que non esté acostumado.

UNESCO — Emprego das linguas vernáculos no ensino — Páxina 12

### O ENSINO NA LINGUA MATERNA

Ven da páx. 2) do inglés, acadando resultados sofo un pouco menores na escritura do inglés.

Este notabel experimento, eisposto con nítida craridade pol-os téñicos da UNESCO no libro "Emprego das linguas maternas no enra do xeito irrefutabel que os nenos que estudaron en lingua materna acadaron unha meirande madurez intelectual que os nenos do grupo de control, obrigados a estudar en inglés, e que en solo seis meses aqueles sabían tanto inglés como os que levaban tres anos estudando nese linguaxe. Outro factor igualmente destacado pol-a Unesco no seu informe é a identificación acadada entre a escola, os

nenos e os seus fogares, nos casos en que o ensino era impartido en lingua materna.

Velas eispostas, coa autoridade indiscutible da UNESCO, as razóns fundamentais por que os galegustas damos unha importancia tan transcendente o emprego do galego pol-o noso povo. Nós queremos desenvolver en toda a súa capacidade as facultades creadoras do noso povo e elo solo é posíbel cando todos e cada un dos galegos, dende a súa infancia, contén cos medios necesarios para acadar un desenvolvo integral das súas dotes intelectuales e podan ter un enfoque nítidamente galego dos nosos problemas nacionais.

### ESTAMPAS

## Don Diego Xelmirez

Nun concilio de León acusouse ao bispo Peláez de querer entregar Galiza aos normandos das Orcadas, mellor dito, mantívose a acusación que xa fora feita pol-o Rei e Peláez atopouse probe e na indinidade aínda sin ter probado o seu delito.

Peláez foi, senon o fundador, o verdadeiro animador de Compostela e Compostela foi, senon a fundadora, a verdadeira animadora de toda a cultura cristián do século XII. Compostela con Peláez cincelaron e puliron o espírito mais forte da cristiandade meridional que foi Don Diego Xelmirez.

Galiza de aquel tempo era reino, tiña vida propia e independente.

A croa de Galiza que estivera na persoa de D. García pasou por malas artes a Alfonso seu irmán, que tamen era rei de Castela e de León. Filla de Alfonso era Doña Urraca que casou con un conde Borgoñón D. Raimundo o que, de por vida gobernou a nosa terra.

Compostela era centro cristián daquel tempo e os camiños de Europa viñan mestos de peregrins, Duques, reis, cabaleiros, trovadores, artistas, xente do pobo. Todos viñan a rendirre a Santiago o tributo da súa fé.

Naquel tempo non había nada superior na vida do home á fé relixiosa. A vida intelectual estaba nas mans dos conventos, a política mais aínda, de tal xeito non se pode nin tan-siquera imaxinar a mais pequena actividade coleditiva que

por Ramón de Valenzuela

non tivera o nihil obstat dos cragos.

Xelmirez vive este tempo. É un verdadeiro home do seu século.

Pra nós, os galegos, a súa figura representa unha importancia capital, porque él vive en Galiza, e todos os aitos seus teñen conciencia galega.

Xelmirez trunfou moralmente cando na súa visita a Cluny e na súa amizade con Hugo comprendeu a reforma relixiosa que logo imprantou no seu país. Trunfou nas xestións que pol-a súa eirexa tiña feito a Pascual II o pontífice; e brilou no concilio de Palestina como home de virtudes e sabencia, mais despois, cando o papa de Roma é Calixto II, o seu grande ami-

### Xornalismo Galego

#### "ADIANTE"

Finda de sair do prelo, o número catro de "Adiante", baril expresión das Mocidades Galegustas de Bós Aires, contendo abondoso material doutrinário e valentes e orientadores comentarios de actualidade acaron da Patria Galega. I esta pequena e vibrante folla moza cangada de dinamita decote a arremeter contra ó vergonzante extranxeirismo dos galegos que refugan a Patria, fainos lembrar a "A Fonce", aquele valente voceiro que, na súa hora, encetou unha tradición de patriotismo e diñidade galega.

O noso afervoadade aprauso e alento, a estes animosos e patriotas mozos que están a traballar tan afizadamente pol-a liberdade e independencia da nosa Patria.

go, o nome de Xelmirez false caseque universal, esta grandeza vaiña verquendo, con pinqueiras de suor e sangue na súa amada Compostela, centro moral e material de Galiza.

A raíña Urraca traicouno cinco veces distintas, mais parecece sere que somentes o enganou a primeira. A raíña Urraca estaba mal casada co rei de Aragón e D. Diego coñecíalle abondo a súa alma lixeira. Por eso cando este home fai armas en Castela por cousas que non eran galegas perdeu moitos bens e perdeu moita honra, pero había pol-o medio un mandado da súa señora natural e un perigo pro meniño que ele bautizara, e criara o Conde de Traba. O preito estaba entre Castela e Aragón, mais entremedias estaba o pequeno Alfonso que denantes de sere Emperador, xa era rei de Galiza.

Ben se decatou Xelmirez de que todos os seus acertos os fixou na súa terra nativa. El fixo a Galiza grande en todos os ordes, respitada e admirada.

O meniño que bautizou e que criaron entre él e o de Traba, que foi coroado rei de Galiza diante do altar de Santiago e que logo foi emperador co nome de Alfonso VII, é o caso do primeiro desleigado, do primeiro mal galego que nos amostrea a historia. Este home non desfixo a Galiza porque este reino era daquela demasiado grande e non-a esqueceu porque era demasiado importante, pero en troques, desangrouna canto puido en favor de Castela.



PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
2 - Galiza, povo autónomo.
3 - Galiza, comunidade cooperativa.
4 - Galiza, célula de universalidade.

A NOSTRA TERRA (NUESTRA PATRIA)

Despotas insensatos, forzá, forzado grillos. Pode oprimir o ferro. Un corpo enfracuecido; Mais as nobres letas. E gloriosos instintos... Eses... non pode non... de duro ferro. Nin a morte extinguilos. EDOARDO PONDAL

Año XXXIX - Núm. 498

Bós Aires, Outubro de 1955

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Fiesta â Terra

O SERVILISMO DUN ALCALDE

O Alcalde da dinámica e progresista cidade de Vigo, trasladouse derradeiramente a Madrid — onde entre outras xestións, foille "pregar homildemente" ó Sr. Sánchez Bella, Director do Instituto de Cultura Hispánica a creación da "Casa de América" na devandita cidade.

Ista "Casa", tería a "misión" de recibir os intelectuales, políticos, e demais persoaxes que de América viaxen a Hespania, pra lles faguer comprender garimosa e doadamente, as moitas grandezas i-as ventaxas que pra eles, i-os seus países remanecen de seguir os vieiros da Hespanidade'.

Que indignante servilismo, e canta miseria moral poñen de manifesto os mandóns que na nosa Patria sérvenlles de axentes ó réxime asovallador. O Rexidor dunha cidade galega, teimando faguer de "Adiantado" do serodio e trasnoitado imperialismo castelán, o que xa nin os seus parentes das kábilas marroquís toman en serio, e que se esconde baixo o ponposo nome de "Hispanidade" namentras as Autoridades de Emigración, ciaman porque se constrúa a "Casa do Emigrante", que poñería termo a explotación de que os mesmos son ouxeto, por parte de "pousadeiros", "axentes de embarque", e demais "trahentes" dise mal social que costitue a emigración. Non sería máis xusto, máis human e máis patriótico, que o Alcalde de primeiro porto emigratorio da Península, pensara en despendarlle axeitada protección a quen es teñen que deixar fogar, Patria e familia, pra ir á cata de pan e liberdade, que no seu país non atopan, por culpa precisamente, dunhas autoridades incompetentes e serviles, sempre o servício de alleas comenencias, i-en permanente estado de traición cos intereses da Terra en que inmerecidamente foron nados?

TAMEN NOS ROUBAN AS AUGAS

O día 2 do derradeiro mes de setembro, foi estrenada oficialmente, a central hidroeléctrica do Salto dos Peares; a máis importante da Península, cúa capacidade de produción é de 450.000.000 de kilowatios anuaes. Iste acontecemento, que debería encher de leda satisfacción i-orgullo a ialma galega dos que amamos á nosa Patria por sobor de todo; déixanos non embargantes no noso espírito, un pouso de amargura ó comprobar unha vegada máis, como son sempre defraudadas as esperanzas de progreso, benestar e suficiencia económica da Terra galega, xa que a gran potencia enerxética que xurde desta Central, como de cantas se van pondo en marcha na Galiza actual, pouco ou nada beneficiará á súa economía porque a mesma ven sendo "esportada" a outras terras, que si ben non teñen os privilexios naturais da nosa, gozan en troques doutros "privilexios"; os que remanecen do apoio oficial que lles prestan autoridades e poderes, que non son outra cousa que instrumentos de dominación e despoxo.

Galiza, que dende a morte do Mariscal Pardo de Cela tiña que levar a "Corte" as rendas das suas terras, xa que nela foran obrigados a morar os donos delas. Que vende a sua carne o seu peixe i-os seus produtos agrícolas pra que logo lle "quiten" en forma de impostos o que por eles lle dan; enceta deste xeito unha face nova do colonial sometemento en que fica apreixada.

Roubáronlle todo, dende a liberdade até a fala, a historia i-a tradición; bens materiais e bens humanos, obrigando ós seus homes a morrer en estúpidas aventuras guerreiras. Non tiñan máis que lle roubar; pero hoxe —miragres da técnica e do progreso— os nosos "colonizadores" atoparon tamén o xeito de roubarnos as cristiánas augas dos nosos ríos e regatos, rebuldeiros e cantaríns, convertíndoas en enerxía eléctrica, que no adiante irá crear industrias e fornecer riquezas, en terras que nin siquer a Deus lle mereceron respeito e compasión, que as deixou a mercede dos elementos, a contramán do progreso e da cultura. ¿Cándo os galegos seremos capaces de reaxir contra o Estado colonial que nos rouba i-escraviza?

¿Cándo ollaremos arredor de nós mesmos, pra nos decatarmos de que todos os nosos problemas, terán doado arrombo o día que deixemos de pertecer a un Estado, que cal o español, é o noso máis cruel inimigo, que somentes se lembra de nós cando pode faguernos vítimas do roubo, da espoliación ou da tiranía?

Nuñez, Alvarez & Cía.

IMPORTACION MERCERIA EN XERAL

MORENO 1217

T. E. 37-4658

EXPOSICIONS

Luis Seoane expuxo na Galería Bonino

O día 7 de setembro p.pdo., pendurou seus oleos na acretada sala da rúa Maipú, o notabel pintor galego Luis Seoane.

Nese día, como o veño faguendo sempre que este pintor expón, encamiñame cara alá, na compañía dun dileito amigo coa íntima e saudosa intención de mergullar os ollos cobizosos de Terra, na lús e o corido que o artista logra nun manífico labor de síntese.

Porque, debemos decilo, entre os moitos méritos que acreta este vigoroso pintor é, a pra nós, como vedora fidelidade a Terra. A Terra e ó seu povo. O povo que traballa e soña; que ri e canta; e loita. O auténtico povo que configura unha nación.

E aí temos o mundo ideal no cal se desenrola a pintura de Seoane, o mundo que ele tanto ama e ó que lle é tan fidel, de rexos campesiños apegados como terróns a Terra Nai; de ledas romerías, nostálxicos alalás e milenarias lendas, todo elo expresado nun enxebre acento envolto na bretemosa lús do lexendario esquinal do Occidente europeo.

Certamente, diante desta nova mostra do gran pintor galego, sentímonos mergullados no noso. Réndenos a emoción. No acerto cromático i ese a xeito de primitivismo e poesía que acusan os seus deseños encheitos de expresiva humanidade, pense de nota, que o artista ceibe dos convencionalismos da forma se non limita a copiar. Disciplinado nunha enxundiosa laboira de síntese, refuga todo o accesorio pra expresar con liberdade i en profundidade con vigorosos trazos e cores primarias ceibe da opreión das formas, o seu ideal plástico.

A Riqueza Marisqueira

por BIERTO CUPEIRO

Inda que Galiza non tivera razóns de carácter xeográfico, histórico, cultural, etc., como pra buscar nun Estado propio o instrumento de suveranía, de afinamento e perfeición das suas particularidades; abendarían motivos de carácter económico, pra xustificar enteiramente os anxeos do seu povo de erexirse en nación soberana pra encanlar as suas riquezas, por sistemas que lle permitan o racional aproveitamento dos recursos potencias, nos que tan venerosa se amostran a natureza coa nosa fermosa e privilexiada Terra.

Cando fixamos a nosa atención no panorama económico que ofrece Galiza non podemos sustraguernos de sentir carrazenta indignación, encontrei dun sistema de goberno, que tales estragos ocasiona nas nosas riquezas, que nos rouba i-esplota como a unha colonia, sin coñecerse pra nada de arrequentar as fontes de produción do país galego.

Si algun puxera en dúbida a xustiza distas afirmacións, abondaríanos faguer un elemental estudo do estado actual da riqueza marisqueira das costas galegas, pra xustificar a nosa posición.

O dintorno mariñán de Galiza, é sin lugar a dúbida un dos máis axeitados de Europa, pra permitir o cultivo i-esplotación masiva, de gran variedade de crustáceos e moluscos, dos milloros calidade. A diversidade de fondos: areales, cebedos, concheiras, etc.; bañadas por augas da máis outa riqueza plaetónica do océano europeo, baixo a benéfica influencia do "Gulf-Stream" que lle doa un ideal grao de tempero, ó abrigo das nosas incomparables rías, ricas en augas doces que arrastran gran cantidade de materia orgánica, debían ser hoxe máis aínda do que foron en tempos antergos, costas de aberrima

'A Luz do Candil'

'CONTOS A CARON DO LUME'

DE ANXEL FOLE

Aprasurémonos a decir que o libro de contos "A Luz do Candil" costitue, por moitos conceptos, unha aportación valiosa e brillante ás letras galegas. Anxel Fole, o seu creador, foi nado en Lugo a principios do século. E xa dende adolescencia, manifestouse n-elo a vocación pola literatura. A súa obra plea d-esencias galegas de intensa resoancia no, meos intelectuales de Galiza, anda espallada en xornales e revistas. Pro, indubidabelmente, os catorce contos reunidos no volume devandito, acendan para situale entre os mellores prosistas e creadores literarios do noso país. Porque estes contos de Fole, alentan coa flame emocional dun inmenso amor a Galiza e coa saiva do sangue i-o espírito do seu povo.

Existen na nosa literatura algunhas mostras de verdadeiro ensino no xénero do relato curto. Mais aínda atendendo a tales antecedentes illustres, as narracións de Anxel Fole poseuen unha intensidade i-un engado que as convérte en verdadeiros modelos de perfeición. O noso escritor tencionou en dar un relato e tamén na pintura e proxección dos persoaxes de raigaña popular. Eles, anque ripados dun pasado perto, ceceís morto, e ceibes de complexidades de carácter psicolóxico, teñen pervivencia polo fondo vital, racial e telúrico, de que foron dotados. Porque, ademais, dentro da sinxeleza aparente de contos contados, percorren estas narracións un hábito de lendas i-un sabor e fondera imponderábeis de vellos tradicións de Galiza.

Precede a estes contos, unha estampita de singular beleza, de prosa plástica, onde se describe a bisbaca do caurel. A "terra brava de tobas e águilas", de serras áspras i-agrestes. Ali érguese unha torre do século XIV, embrullada en lendas. Tépeda nevada de cruda invernia, ailla antre os seus muros venerábeis, a patro irmáns da casa d-Abrantes cos seus contos i-o administrador d-aquele

casona ilustre. Impedidos pola neve a sair afora, ás noites matan as heras contando contos de medo e misterio, acaron da gran fogueira da chiminea. Namentras, escentan aular aos lobos i-ao vento, que en lufadas se fira polo cano da chiminea, i-as mestras folerpas de neve baton, como mazas d-aparecidos, o cristal das fiestras. N-esta atmosfera nocturna bozadora de misterios do alén, van xurdiudo o mundo e trasnundo aluciantes. Aparicións, soños, presentimentos de morte... En realidade, intres psicolóxicos do medo supremo. Denso clima i-arrepío, en gradual "crescendo" até o pasme deseneixado a veira do aviso do non ser. Desfite de persoaxes entrañábeis, de supeto emprazados en tránsito pavoroso do real ao irreal do alén. Tránsito ás vegadas crebado por un leno ou barudo esceticismo, propio dunha inerción panteísta.

Anxel Fole coidon transcriber tal como se foran contados esas noites na vella Torre do Caurel, os seus contos, rachando coas formas clásicas de novelar. Tratándose de contos de medo, prefireu manterse fidel a tradición abundosa da nosa literatura oral e popular. Desta maneira logrou imprimirlle unha expresividade esencial i-ensebre; unha forza elemental de veracidade que por intres resalta oseasonante. Tampouco os seus persoaxes fican condicionados aos xerónes da novela ou do conto. Aparecen espontáneos, sin miudás disquieicións psicoanalistas ou historia íntera. En verdade non as precisan. O escritor emprázalos, si se quer, nun trance supremo da súa vida. Máis que seres de historia, sono d-aición e de destino. Xurden, eso si, d-un estado arrenal e racial, fidelmente caitado i-espeialdo no relato da súa acción e no seu reaxer psicolóxico. E ceceís nestes intres decisivos do home, nos que mellor se pode esculcar i-apreixar a natureza espiritual d-un povo.

Acaron dos vaores expostos en col do libro "A Luz do candil", temos d-engadir o da identificación do escritor coa terra. Dahi procede, sin ávida, a eaitación enxebre i-o dominio da paisaxe, concorde sempre a temática i-o ámpito en que se moven os persoaxes. Todo en Fole é armonía i-equilibrio de sero artificial. A extraordinaria creación literaria de Fole, tamén radica na prosa, de beleza e perfeición acabadas. Sinxelamente engadadora, áxil, plástica, rotunda, velaiña. O poder comunicativo do idioma galego, trunfa d-un xeito soberano na arriscada e dificele expresión d-estes contos. ¿Quén pode dúbida, despois de lélos, da calidade artística da nosa maravillosa lingua? En suma, "A Luz do candil" marca un cimo na literatura moderna de Galiza.

Editada en "Galaxia" de Vigo, esta obra foi ilustrada con fides e vigorosos trazos por Xohan Ledo. B. SOUTO.

Lea e suscríbese a 'Galicia Emigrante' A Gran Revista Galega de América T. E. 27-4311

siñar os datos suministrados polo Estado, inda que non reflexan toda a verdade, porque a capacidade estadística das fontes oficiais corre paralela coa que poñen de relevo nos demais ordes de cousas.

No ano 1953, o vaor alcanzado pola produción marisqueira nas costas da Península foi de 400 millóns de pesetas, dos que corresponden á nosa Patria máis da cuarta parte, ou sexa arriba de 100 millóns de pesetas, os que resultaría doado, —según opinión dos espertos— facer chegar a respetabel suma de 1000 millóns. De tal xeito empre estimar, que Galiz ponde por ano 900 millóns de pesetas polo criminal abandono e desamparo das autoridades responsables.